

## IV Convenio Único para o persoal laboral da AXE

---

### COMISIÓN PARITARIA DE DECEMBRO “Acabamos o ano igual que como o empezamos”

Esta semana tivemos a reunión da COPA do mes de decembro e continuamos coa mesma dinámica na que practicamente só se fala de asignación de complementos, iso si, dos que quere, e como quere Función Pública (F.P.) sen que o resto de Organizacións Sindicais tomen medidas para rematar con este despropósito. F.P. trae á COPA os expedientes que lle parece oportuno e utiliza o mesmo criterio para a súa aprobación, de xeito que o habitual é a aprobación parcial dos expedientes, nos que aproban uns e rexeitan outros, coa escusa de que están “pouco xustificadas”, iso si financiados con amortización de postos vacantes que xa nunca máis se van a recuperar. Cuestión á que a CIG nos opoñemos en solitario.

Nesta reunión incluíron no último momento dous conflitos colectivos sobre a negativa de F.P. á asignación de complementos a algúns postos de persoal laboral temporal e á inexistencia de promoción interna para o persoal do Anexo II. Desde a CIG solicitamos os preceptivos informes de F.P. para poder analizar se nos sumamos ós devanditos conflitos colectivos, xa que só os comentaron de palabra na propia reunión.

Tamén verbalmente nos facilitaron os datos da masa salarial de 2024, non era sen tempo, para poder repartir as subas salariais dese ano nos complementos, xa que é obxecto de negociación na propia COPA, pero despois dixeron que o deixarían pendente para o primeiro trimestre de 2026. Nos opuxémonos a esta nova demora, son cartos do persoal que imos cobrar con máis de dous anos de retraso, pero nos volvemos a quedar solos outra vez nesta reclamación e xa veremos que pasa coa de 2025, tamén pendente.

Con respecto ós Grupos de Traballo:

- **Concurso aberto e permanente;** seguen sen cumprir o acordado e non se fan as catro convocatorias anuais. Volvemos a insistir na necesidade de identificar adecuadamente as características dos postos nos Anexos, sobre todo no referido a xornadas e complementos.
- **Cambio de réxime xurídico;** todo vai cunha lamentable lentitude, a escasos meses de ter que ter rematado o proceso con alomenos catro convocatorias por Grupo Profesional, tan só tomaron posesión como persoal funcionario os da primeira, e única, convocatoria do Grupo 4G. A desaparición deste persoal só se vai producir pola vía da xubilación ordinaria, nin xubilación parcial, nin promoción interna, case sen mobilidade.....
- **Xubilación parcial;** máis dun ano despois de vir solicitando reiteradamente unha xuntanza deste grupo de traballo, convocan para o 20 de xaneiro a primeira reunión desde que cambiou a lexislación. Iso si, despois da reunión da Comisión Permanente, nos mostramos a nosa desconformidade, xa que creemos que temos bastantes asuntos urxentes que solucionar como para ter unha reunión completa e non un paripé. Nos imos trasladar por escrito as nosas propostas, que pasan por aplicar os porcentaxes máximos permitidos e a acumulación total do tempo traballado.

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web <https://www.cigadmon.gal/estatal> e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota